

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Oferta de emprego público para o ano 2015

1º) Aprobar a oferta de emprego público para o ano 2015, co seguinte contido:

Oferta ordinaria de emprego público 2015:

a) Polo que se refire á oferta de prazas de acceso libre, realízase tendo en conta tanto as vacantes existentes como as necesidades da Administración provincial, co límite do 50 % da taxa de reposición de efectivos e vinculado ao control e loita contra a fraude fiscal, laboral así como control da asignación eficiente dos recursos públicos. Baseándose nos ditos criterios, inclúense as prazas seguintes, vacantes do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, Servizo de Vías e Obras e Gabinete de Prevención de Riscos Laborais:

Cadro funcionalial

1 Administrativo de administración xeral. Oposición libre.

1 Técnico superior en prevención de riscos laborais. Oposición libre.

1 Enxeñeiro técnico de obras públicas. Oposición libre.

b) Polo que se refire á oferta de prazas de promoción interna vertical, inclúense as seguintes:

Cadro funcionalial:

2 Administrativos de administración xeral. Promoción interna vertical. Concurso-oposición.

Cadro de persoal laboral

2 Auxiliares de servizos. Promoción interna vertical.

Concurso-oposición.

2 Condutores especialista de explotacións agropecuarias.

Promoción interna vertical. Concurso-oposición.

1 Capataz de zonas verdes e limpeza viaria. Promoción interna vertical. Concurso-oposición.

A convocatoria das prazas ofertadas deberá realizarse no prazo máximo de seis meses contados a partir da publicación no Diario Oficial de Galicia da presente Oferta de emprego público, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

2º) Ordenar que se proceda á publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, e que se lle dea publicidade ao contido da oferta de emprego público aprobada mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Ourense, 22 de decembro de 2015. O presidente.

Asdo: José Manuel Baltar Blanco

<https://bop.depourense.es/portal/descargarPdf.do?numBoletin=5&fecha=20160108>